



CERTIFICACIÓN

D.ª ANA VELO RUIZ SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria realizada o día 19-11-2020, adoptou o seguinte acordo:

<<19. DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO LÁMPADAS LED NOS LUGARES DE FRAGOSO, VECIÑEIRA, SAN MIGUEL E OUTROS. POS+2020

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.11.2020, que literalmente di:

“Asunto: DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DE LÁMPADAS LED NOS LUGARES DE FRAGOSO, VECIÑEIRA, SAN MIGUEL E OUTROS. POS+2020
Nº Expediente: 2019/C005/000005

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.08.2020 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de subministro denominado “Subministro de lámpadas led nos lugares de Frago, Veciñeira, San Miguel e outros”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 16.08.2020 publicouse a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as proposicións das seguintes empresas:

| Nº. OFERTA | LICITADOR | DATA E HORA PRESENTACIÓN |
|------------|--|--------------------------|
| 1 | ALGAMAR 2012 SLL | 31-08-2020 23:36 |
| 2 | ANEUM LED SL | 31-08-2020 13:49 |
| 3 | ELECTRICIDAD MARCIAL S.L | 26-08-2020 19:42 |
| 4 | INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR, SL | 24-08-2020 13:01 |
| 5 | JOSE LUIS MARTINEZ RIVAS | 28-08-2020 14:05 |
| 6 | NARONTEC GESTIÓN, S.L | 31-08-2020 14:21 |
| 7 | OTELEC COSTA NORTE, S.L. | 31-08-2020 16:25 |
| 8 | TELEMOVIL FERROL S.L. | 31-08-2020 13:22 |

A Mesa de contratación nas reunións de datas 1 e 21 de setembro, e 7 de outubro de 2020 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Apertura dos sobres de todas as empresas presentadas, resultando admitidas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.



2.- A Mesa acorda remitir a documentación coas ofertas ao enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Mallo Puga para os efectos de emitir o correspondente informe de valoración das propostas cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.

3.- De conformidade co informe de valoración emitido por D. Jesús Mallo Puga con data 15.09.2020 en calidade de asesor técnico externo, a Mesa acorda outorgar a seguinte puntuación ás proposicións técnicas (arquivo A) de acordo cos criterios establecidos no PCAP:

| LICITADOR | PUNTUACIÓN CRITERIOS TÉCNICOS |
|--------------|-------------------------------|
| ANEUM LED SL | 25 |

4.- O resto dos licitadores presentados resultan excluídos do procedemento en aplicación da cláusula 10 do PCAP, por non presentar toda a documentación requirida.

5.- Da apertura dos sobres B despréndense o seguinte resultado:

| LICITADOR | Oferta económica (sen IVE) | Incremento prazo garantía |
|----------------|----------------------------|---------------------------|
| ANEUM LED S.L. | 29.020,00 € | 8 anos |

6.- Unha vez valorada a oferta económica da única empresa admitida, de acordo coa fórmula elaborada para a Deputación Provincial da Coruña pola Facultade de Matemáticas da USC, e valorado así mesmo o incremento do prazo de garantía de acordo cos criterios contidos no PCAP, resulta a seguinte puntuación:

| LICITADOR | Oferta económica | Puntuación oferta económica | Incremento prazo garantía | Puntuación incremento prazo garantía | TOTAL |
|----------------|------------------|-----------------------------|---------------------------|--------------------------------------|-------|
| ANEUM LED S.L. | 29.020,00 € | 50,00 | 8 anos | 25,00 | 75,00 |

7.- Sumando a puntuación obtida logo da valoración dos criterios dependentes dun xuízo de valor e dos criterios de cuantificación automática mediante a aplicación de fórmulas, obtense o seguinte resultado:

| LICITADOR | Puntuación criterios técnicos | Puntuación oferta económica | Puntuación incremento prazo garantía | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------------|-------------------------------|-----------------------------|--------------------------------------|------------------|
| ANEUM LED S.L. | 25,00 | 50,00 | 25,00 | 100,00 |

8.- Aplicando os criterios recollidos na cláusula 12.3 do PCAP, para identificar ofertas anormalmente baixas resulta que a oferta económica do licitador ANEUM LED SL, incorre en presunción de anormalidade, polo que a Mesa acorda requirir a este licitador para que xustifique e desglose razonada e detalladamente a oferta realizada, acompañando a documentación referida na Cláusula 12.3.4 do PCAP.

9.- O licitador presentou a documentación xustificativa da súa oferta con data 25.09.2020 e foi remitida ao asesor técnico para os efectos de emisión de informe de valoración.



10.- Con data 03.10.2020 o asesor técnico D. Jesús M. Mallo Puga emitiu un informe no cal conclúe que a documentación presentada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos propostos polo licitador, dado que é unha xustificación incompleta que se fundamenta en hipótesis ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

11.- A Mesa acorda por unanimidade excluír do presente procedemento de licitación a oferta presentada por ANEUM LED S.L. por resultar presuntamente inviable e non haber xustificadeo adecuadamente a antedita baixa.

12.- Uhnha vez excluída a oferta presentada por ANEUM LED SL por incurrir en presunción de anormalidade, e tendo en conta que era a única oferta admisible desde o punto de vista técnico, a Mesa acorda propoñer o procedemento de licitación como deserto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Declarar deserto o procedemento de adjudicación do contrato denominado “Subministro de lámpadas led nos lugares de Fragoso, Veciñeira, San Miguel e outros. POS+2020”

2.- Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público.

3.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.>>

E para que conste, e coa salvidade prevista no artigo 206 do R.O.F., expídese a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Pablo Diego Moreda Gil.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Visto e prace
O ALCALDE